

## Manifesto CRUE Universidades Españolas con motivo do Día Internacional das Mulleres 2026

Este 8 de marzo de 2026 as universidades españolas sumámonos á conmemoración do Día Internacional das Mulleres baixo o lema proposto por ONU Mulleres: «Dereitos. Xustiza. Acción. Para TODAS as mulleres e nenas». Un lema que interpela as nosas institucións, cuxa misión é xeraren, transmitiren e aplicaren coñecemento a través da investigación, a docencia e a transferencia.

No ámbito universitario defender os **dereitos** das mulleres significa garantirmos a súa plena participación na vida académica, científica e profesional, sen barreiras, brechas nin discriminacións. Significa promovermos contornos seguros, libres de acoso e de violencia, e facermos da igualdade de oportunidades un principio real e efectivo, máis alá dunha mera declaración formal.

A **xustiza** esíxenos analizar a realidade con perspectiva de xénero e actuar en consecuencia. Malia os avances logrados e das mulleres que nos precederon abrindo camiño nos ámbitos académico e científico, persisten fendas e obstáculos que limitan o seu progreso na carreira investigadora en igualdade de condicións e dificultan o seu acceso a espazos de decisión e liderado. Corrixir estas desigualdades non é unha cuestión simbólica. É unha esixencia de xustiza que fortalece a calidade, a excelencia e a integridade da acción universitaria. A universidade non pode ser plenamente xusta mentres parte do seu talento permaneza invisibilizado e infrarrepresentado.

A **acción** implica valentía, responsabilidade, coherencia e compromiso sostido. Supón pasarmos das palabras aos feitos consolidando e avaliando políticas de igualdade, xunto co desenvolvemento de vocacións científicas femininas e eliminando os nescos estruturais que continúan condicionando a avaliación, o financiamento e o recoñecemento do mérito feminino. Supón tamén reforzarmos a cooperación entre universidades e coas administracións públicas, o tecido produtivo e a sociedade civil para construír un ecosistema educativo e científico máis inclusivo e equitativo.

Neste Día Internacional das Mulleres de 2026 a Conferencia de Reitoras e Reitores das Universidades Españolas reafirma o seu compromiso cunha universidade libre de desigualdade, diversa nos seus liderados, corresponsable nos coidados e exemplar na defensa activa dos dereitos humanos.

Desde aquí, reclamamos **dereitos, xustiza e acción** para TODAS as mulleres e nenas. E, de maneira moi especial, para as mulleres e mozas que estudan, investigan, ensinan e traballan nas nosas universidades. Todas as persoas que formamos parte da comunidade universitaria temos a responsabilidade de facer das nosas institucións espazos de igualdade e de futuro.